

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DAS ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO – SAF BÁSICO PARA O EXERCICIO 2026

Para os efectos oportunos, publícase a continuación a Resolución da Presidencia núm. 2026/12937, do 3 de setembro de 2026, do Programa de cooperación para o servizo de axuda no fogar – SAF básico para o exercicio 2026.

“Aprobación das adhesións ao Programa de cooperación BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico – SAF básico para o exercicio 2026 e concesión de subvencións.

Unha vez vistas as solicitudes de adhesión ao Programa BenOurense de cooperación coas entidades locais para o servizo de axuda no fogar básico no exercicio 2026, presentadas ata o 21 de xullo de 2026, para recibir subvención pola Acción 1: Dixitalización do SAF e pola Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico.

Unha vez visto o informe técnico da Área de Benestar, do 2 de setembro de 2026, no que se informa da presentación dun total de 77 solicitudes de adhesión de entidades locais para recibir subvención polas Accións 1 e 2 do Programa, e que corresponden a 74 concellos e 3 mancomunidades, que á súa vez engloban a totalidade de concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, a excepción do Concello de Cortegada.

As solicitudes presentáronse todas en prazo e axústanse ao establecido na base IV das bases reguladoras e enténdense automaticamente adheridas ao Programa.

No dito informe consta o reparto económico de contías entre as 46 entidades locais que se adheriron á Acción 1 para recibir subvención para a dixitalización do SAF, así como o reparto de contías pola Acción 2 para recibir a subvención para o cofinanciamento do SAF básico entre as 77 entidades adheridas, todo iso conforme aos criterios establecidos na base III das bases reguladoras do Programa.

Tendo en conta o recollido nas bases reguladoras do Programa BenOurense de cooperación para o servizo de axuda no fogar básico no exercicio 2026, publicadas con carácter definitivo no BOP núm. 121, do 30 de xuño de 2026, concretamente o recollido na base IV “Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades”, realizouse o reparto económico das contías entre as 46 entidades adheridas á Acción 1, e unha vez incorporado o remanente económico xerado, realizouse o reparto económico do orzamento destinado á Acción 2 do Programa entre as 77 entidades locais adheridas, para a asignación económica das ditas contías conforme aos criterios fixados na base III.1.e 2.

Polo exposto, **DISPÓÑO:**

1.º Aprobar a adhesión das seguintes entidades locais ao Programa de cooperación BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico- SAF básico para o exercicio 2026 e declarar concedidas



as subvencións previstas pola Accion 1: Dixitalización do SAF e pola Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico, polos importes que se indican:

	Entidade local	Nº expediente adhesión	Acción 1: dixitalización contía concedida	Acción 2: SAF básico contía concedida	Total contías concedidas Acción 1+ acción 2
1	Allariz	2026/12228F	3.500,00 €	35.551,34 €	39.051,34 €
2	Amoeiro	2026/12211J	2.500,00 €	16.551,94 €	19.051,94 €
3	Avión	2026/12263L	2.500,00 €	13.480,26 €	15.980,26 €
4	Baltar	2026/12240L	2.500,00 €	9.688,33 €	12.188,33 €
5	Bande	2026/11132S	2.500,00 €	21.805,95 €	24.305,95 €
6	Baños de Molgas	2026/12257J		12.256,81 €	12.256,81 €
7	Barbadás	2026/11122M	3.500,00 €	27.675,10 €	31.175,10 €
8	Barco de Valdeorras, O	2026/11147F	3.500,00 €	50.663,41 €	54.163,41 €
9	Blancos, Os	2026/11174B		8.933,54 €	8.933,54 €
10	Bola, A	2026/11172D	2.500,00 €	10.618,97 €	13.118,97 €
11	Bolo, O	2026/11269Z	2.500,00 €	9.392,34 €	11.892,34 €
12	Calvos de Randín	2026/11296H		8.706,61 €	8.706,61 €
13	Carballeda de Avia	2026/11180V		10.781,77 €	10.781,77 €
14	Carballeda de Valdeorras	2026/12272M		10.967,49 €	10.967,49 €
15	Carballiño, O	2026/12275P	3.500,00 €	53.705,74 €	57.205,74 €
16	Castrelo de Miño	2026/11143A		11.358,96 €	11.358,96 €
17	Castrelo do Val	2026/11118R		10.171,79 €	10.171,79 €
18	Castro de Caldelas, O	2026/12244T	2.500,00 €	19.319,59 €	21.819,59 €
19	Chandrexa de Queixa	2026/12234J	2.500,00 €	10.875,60 €	13.375,60 €



20	Coles	2026/12185X	2.500,00 €	20.424,54 €	22.924,54 €
21	Cualedro	2026/12209B		12.587,34 €	12.587,34 €
22	Entrimo	2026/12261V	2.500,00 €	17.581,44 €	20.081,44 €
23	Esgos	2026/12241C	2.500,00 €	9.941,38 €	12.441,38 €
24	Gudiña, A	2026/11128B		18.278,58 €	18.278,58 €
25	Larouco	2026/12223W		7.887,69 €	7.887,69 €
26	Laza	2026/11134V		10.702,84 €	10.702,84 €
27	Lobeira	2026/11129N	2.500,00 €	13.092,18 €	15.592,18 €
28	Lobios	2026/11145M	2.500,00 €	25.443,40 €	27.943,40 €
29	Maceda	2026/11238Y		18.678,17 €	18.678,17 €
30	Manzaneda	2026/11173X		14.328,88 €	14.328,88 €
31	Maside	2026/12246W	2.500,00 €	18.155,24 €	20.655,24 €
32	Melón	2026/11336N	2.500,00 €	10.322,98 €	12.822,98 €
33	Mezquita, A	2026/11392E	2.500,00 €	16.464,88 €	18.964,88 €
34	Montederramo	2026/11209T		13.097,21 €	13.097,21 €
35	Monterrei	2026/11171P		16.854,61 €	16.854,61 €
36	Muíños	2026/11252C	2.500,00 €	20.942,63 €	23.442,63 €
37	Nogueira de Ramuín	2026/12224A	2.500,00 €	14.731,57 €	17.231,57 €
38	Oímbra	2026/11131Z		12.832,26 €	12.832,26 €
39	Paderne de Allariz	2026/11190G		11.140,16 €	11.140,16 €
40	Padrenda	2026/11414K		12.671,21 €	12.671,21 €
41	Parada de Sil	2026/12212Z	2.500,00 €	11.255,46 €	13.755,46 €



42	Pereiro de Aguiar, O	2026/11176J	3.500,00 €	37.016,52 €	40.516,52 €
43	Peroxa, A	2026/12264C	2.500,00 €	13.345,32 €	15.845,32 €
44	Petín	2026/12259S		9.222,86 €	9.222,86 €
45	Piñor	2026/12268R	2.500,00 €	9.941,38 €	12.441,38 €
46	Pobra de Trives, A	2026/12262H	2.500,00 €	26.704,57 €	29.204,57 €
47	Porqueira	2026/11157V	2.500,00 €	9.476,20 €	11.976,20 €
48	Punxín	2026/11415E		8.190,07 €	8.190,07 €
49	Rairiz de Veiga	2026/11163T		10.692,97 €	10.692,97 €
50	Ribadavia	2026/11274L	2.500,00 €	28.648,27 €	31.148,27 €
51	Riós, O	2026/11124F		11.802,96 €	11.802,96 €
52	Rúa, A	2026/11233R	2.500,00 €	25.288,73 €	27.788,73 €
53	Rubiá	2026/12227Y		11.862,15 €	11.862,15 €
54	San Cibrao das Viñas	2026/12187N		17.685,57 €	17.685,57 €
55	San Cristovo de Cea	2026/11185E		14.683,98 €	14.683,98 €
56	San Xoán de Río	2026/12233N	2.500,00 €	11.370,57 €	13.870,57 €
57	Sandiás	2026/11114C	2.500,00 €	9.857,51 €	12.357,51 €
58	Sarreaus	2026/11334X	2.500,00 €	10.268,71 €	12.768,71 €
59	Taboadela	2026/11272V		11.801,21 €	11.801,21 €
60	Teixeira, A	2026/12184D	2.500,00 €	8.775,58 €	11.275,58 €
61	Toén	2026/12219K	2.500,00 €	10.239,84 €	12.739,84 €
62	Trasmiras	2026/11187R	2.500,00 €	10.998,84 €	13.498,84 €
63	Veiga, A	2026/12208X	2.500,00 €	9.806,73 €	12.306,73 €



64	Verín	2026/12265K	3.500,00 €	52.693,93 €	56.193,93 €
65	Viana do Bolo	2026/11181H	2.500,00 €	36.252,16 €	38.752,16 €
66	Vilamarín	2026/12271G		13.557,45 €	13.557,45 €
67	Vilamartín de Valdeorras	2026/12222R		13.963,72 €	13.963,72 €
68	Vilar de Barrio	2026/11177Z	2.500,00 €	10.811,37 €	13.311,37 €
69	Vilar de Santos	2026/12229P	2.500,00 €	8.867,67 €	11.367,67 €
70	Vilardevós	2026/11393T		12.972,14 €	12.972,14 €
71	Vilariño de Conso	2026/11270S	2.500,00 €	11.266,97 €	13.766,97 €
72	Xinzo de Limia	2026/11227H	3.500,00 €	52.347,62 €	55.847,62 €
73	Xunqueira de Ambía	2026/11322K		11.140,16 €	11.140,16 €
74	Xunqueira de Espadanedo	2026/12213S		8.933,54 €	8.933,54 €
75	Mancomunidad O Carballiño	2026/11133Q	3.500,00 €	46.827,03 €	50.327,03 €
76	Mancomunidad Terras de Celanova	2026/11208E	3.500,00 €	110.050,45 €	113.550,45 €
77	Mancomunidad O Ribeiro	2026/11100Y	2.500,00 €	38.715,02 €	41.215,02 €
Total			124.000,00 €	1.425.999,96 €	1.549.999,96 €

2.º Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense para o coñecemento xeral.

Publícase isto e advírtese que contra o dito acto, que pon fin á vía administrativa, poderán formular un requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso –administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito



mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non contará o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.”

Ourense, 3 de setembro de 2026. A deputada delegada de Políticas Sociais, Conciliación e Envelhecimento Activo. (P.d.: Resolución 2023/9863, do 31/07/2023).

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 2.140

